

## TERMOS E CONDICIÓNNS

### 1. INTRODUCIÓN

O presente documento (xunto con todos os documentos que nel se mencionan) establece as condicións polas que se rexe o uso da páxina web [www.bershka.com](http://www.bershka.com) e a súa App (en diante, e en conxunto, as «Plataformas»), así como a compra de produtos nelas (en diante, as «Condicións»).

Pregámoslle que lea con atención as presentes Condicións, a nosa Política de cookies e a nosa Política de privacidade (en conxunto, as «Políticas de protección de datos») antes de empregar as Plataformas. Vostede debe respectar todas aquelas normas que rexen o uso das Plataformas. Alén diso, para facer un pedido, vostede deberá aceptar expresamente as presentes Condicións e ler a información incluída na nosa Política de privacidade, de tal xeito que quedará vinculado por elas. Se non está de acordo coas Condicións e coas Políticas de protección de datos, non debe empregar as Plataformas.

Se ten algunha pregunta relacionada coas Condicións ou coas Políticas de protección de datos, pode poñerse en contacto connosco a través do noso formulario de contacto. O contrato poderase formalizar, á súa elección, en calquera dos idiomas nos que están dispoñibles as Condicións nas Plataformas.

### 2. OS NOSOS DATOS

A venda de artigos a través das Plataformas realizaña baixo a denominación BERSHKA por BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.U., sociedade española con domicilio en Avda. da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo (A Coruña), inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 1980 do Arquivo, Sección Xeral, Folio 179, Folla C-19.163, e NIF A78276854, con teléfono 900 456 003 e correo electrónico contact\_es@bershka.com.

### 3. OS SEUS DATOS E AS SÚAS VISITAS ÁS PLATAFORMAS

A información ou os datos persoais que nos facilite sobre vostede trataranse de acordo co establecido nas Políticas de protección de datos. Ao facer uso desta páxina web, vostede consente o tratamento da devandita información e dos devanditos datos, e declara que toda a información ou todos os datos que nos facilita son veraces e se corresponden coa realidade.

Neste sentido, informámosselle que cando acceda á súa conta de usuario a través da App (aplicación informática deseñada para se executar en teléfonos intelixentes ou *smartphones*, tabletas e outros dispositivos móbiles dispoñibles para empregar as funcionalidades que BERSHKA pon á súa disposición), a súa sesión permanecerá activa, de xeito que non será necesario que volva introducir as súas credenciais en accesos posteriores á súa conta a través da App. No caso de que acceda á súa conta de usuario a través da páxina web, poderá elixir manter a súa sesión activa marcando a casa correspondente.

Con todo, para poder realizar determinadas operacións, e por motivos de seguridade, poderemos solicitarlle que volva introducir as súas credenciais.

Ademais, vostede poderá pechar a súa sesión de usuario en calquera momento premendo o botón «Desconectar» dispoñible na sección «A miña conta».

**BERSHKA MMBRS.**

Se vostede é un usuario rexistrado e actúa como consumidor, poderá acceder a descontos e outras vantaxes exclusivas (en diante, «BERSHKA MMBRS») tanto na nosa web e App como nas nosas tendas físicas (a excepción das tendas For & From, os puntos de venda non permanentes e as fábricas). As

condicións aplicables a cada desconto ou vantaxe comunicaranse en cada momento de acordo coa lexislación vixente e aplicaranse nos termos que rexan cada un destes descontos ou destas vantages (en diante, as «Condicións particulares»), que se anunciarán debidamente. Neste sentido, as presentes Condicións de uso e compra complementaranse coas Condicións particulares de cada unha destas accións.

#### 4. USO DAS NOSAS PLATAFORMAS

Ao empregar as nosas Plataformas e facer pedidos a través delas, vostede comprométese a:

- Usalas tan só para realizar consultas ou pedidos legalmente válidos.
- Non facer ningún pedido falso ou fraudulento. No caso de que, razoablemente, se puidese considerar que se fixo un pedido desta natureza, estaremos autorizados a anulalo e a informar ás autoridades competentes.
- Facilitarnos o seu endereço de correo electrónico, endereço postal ou outros datos de contacto dun modo veraz e exacto. Do mesmo xeito, poderemos facer uso desta información para nos poñermos en contacto con vostede se for preciso (vexa a nosa Política de privacidade).

Se vostede non nos facilita toda a información que precisamos, non poderemos tramitar o seu pedido.

Ao facer un pedido a través das nosas Plataformas, vostede declara ser maior de 18 anos e ter capacidade legal para asinar contratos.

#### 5. DISPOÑIBILIDADE DO SERVIZO

Os artigos que se ofrecen a través das nosas Plataformas só están dispoñibles para o seu envío ao territorio español.

Se desexa facer un pedido desde outro país a través das Plataformas, por suposto, pode facelo. Con todo, teña en conta que só ofrecemos entregas nunha das tendas BERSHKA de España ou nun endereço de envío dentro do territorio español.

Sen prexuízo do anterior, teña en conta que os pedidos realizados a través de <https://www.bershka.com/ic/>, só posibilitarán a entrega (ben no domicilio ben en tenda), dentro das Illas Canarias, e non na Península. Do mesmo xeito, os pedidos realizados a través de <https://www.bershka.com/es/> só permitirán a entrega (ben no domicilio ben en tenda) dentro da Península, Ceuta e Melilla, pero non nas Canarias.

#### 6. COMO FACER UN PEDIDO

Para facer un pedido, deberá seguir o procedemento de compra en liña e facer clic en «Autorizar pago». A continuación, recibirá un correo electrónico, ou unha SMS se só nos facilitou o seu teléfono, como xustificación de recibo do seu pedido (a «Confirmación do pedido»). Así mesmo, informarémolo por correo electrónico, ou por SMS se só nos facilitou o seu teléfono, cando lle esteamos a enviar o seu pedido («Confirmación do envío»). Un ticket electrónico cos detalles do seu pedido achegarase tamén á Confirmación do envío (o «tícket electrónico»). Tamén o avisaremos cando o seu pedido estea listo para que o poida recoller.

## **7. DISPOÑIBILIDADE DOS PRODUTOS**

Todos os pedidos están suxeitos á disponibilidade dos produtos. De se produciren dificultades para o fornecemento dos produtos, ou se non quedasen existencias dos artigos, reembolsarémoslle calquera cantidade aboada por vostede.

## **8. MEDIOS TÉCNICOS PARA CORRIXIR ERROS**

No caso de que vostede detecte que se produciu un erro ao introducir os seus datos persoais durante o seu rexistro como usuario das nosas Plataformas, poderá modificar os devanditos datos no apartado «A miña conta».

En calquera caso, poderá corrixir errores relacionados cos datos persoais achegados durante o proceso de compra dirixíndose ao Servizo de Atención ao Cliente a través do teléfono 900 456 003 ou do enderezo de correo electrónico contact\_es@bershka.com, así como exercitar o dereito de rectificación segundo se inclúe na nosa Política de privacidade.

As nosas Plataformas amosan xanelas de confirmación en diversos apartados do proceso de compra que non permiten proseguir co pedido se os datos destes apartados non se introduciron correctamente. Igualmente, esta páxina web ofrece os detalles de todos os artigos que engada á súa cesta durante o proceso de compra, de xeito que, antes de facer o pago, vostede poderá modificar os datos do seu pedido.

Se vostede detectase un erro no seu pedido con posterioridade á finalización do proceso de pago, deberá poñerse en contacto de xeito inmediato co noso Servizo de Atención ao Cliente, no teléfono ou no enderezo de correo electrónico antes indicados, para emendar o referido erro.

## **9. ENTREGA**

Antes de formalizar o pedido, vostede deberá seleccionar a modalidade de entrega que máis se axuste ás súas necesidades. A menos que acordemos outra cousa, o pedido composto polos produtos incluídos en cada Confirmación do envío enviaráselle sen ningunha demora indebida e, a máis tardar, no prazo de 30 días naturais desde a data da Confirmación do pedido.

Existen circunstancias derivadas da personalización dos produtos, ou circunstancias imprevistas ou extraordinarias, que poden afectar á data de entrega.

No que atinxo á tarxeta agasallo virtual, enviarémola na data que vostede indique ao realizar o pedido.

Teña en conta que os produtos que integren o seu pedido poden enviarse desde distintos centros e, polo tanto, poden entregarse por separado e en prazos distintos.

Se, por algúns motivos, non puidésemos cumplir coa data de entrega, informarémolo desta circunstancia e darémoslle a opción de seguir adiante coa compra establecendo unha nova data de entrega, ou ben de anular o pedido co reembolso total do prezo satisfeito. En calquera caso, teña en conta que, quitando momentos excepcionais, non realizamos entregas a domicilio os sábados nin os domingos, agás no caso da tarxeta agasallo virtual, que se entregará na data indicada por vostede.

Aos efectos das presentes Condicións, entenderase que se produciu a «entrega» ou que o pedido foi «entregado» no momento no que vostede ou un terceiro indicado por vostede adquirira a posesión material

dos produtos, o que se acreditará mediante a sinatura da recepción do pedido no enderezo de entrega convidado.

Entenderase entregada a Tarxeta agasallo virtual conforme ao establecido nas Condicións de uso das tarxetas agasallo e, en calquera caso, na súa data de envío ao enderezo de correo electrónico indicado por vostede.

## 10. IMPOSIBILIDADE DE ENTREGA

No caso de que nos resulte imposible efectuar a entrega do seu pedido, intentaremos buscar un lugar seguro para deixalo. Se non podemos atopar un lugar seguro, o seu pedido devolverase ao noso almacén. Se non vai estar no lugar de entrega á hora convida, pregámosslle que se poña en contacto connosco para acordar a entrega noutro día.

No caso de que, transcorridos 15 días naturais desde que o seu pedido estea dispoñible para a súa entrega, este non se entregue por causas alleas a nós, entenderemos que desexa desistir do contrato e considerarémolo resolto. Como consecuencia da resolución do contrato, devolverémoslle todos os pagos recibidos da súa parte, incluídos os gastos de entrega (coa excepción dos gastos adicionais derivados da elección pola súa banda dunha modalidade de entrega diferente á modalidade menos custosa de entrega ordinaria que ofrezamos), sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, no prazo máximo de 14 días desde a data na que consideremos resolto o contrato. Pregámosslle que teña en conta que o transporte que se derive da resolución do contrato pode ter un custo adicional, polo que estaremos autorizados a lle repercutir os custos correspondentes.

A presente cláusula non é aplicable á tarxeta agasallo virtual, cuxa entrega se rexerá polo establecido nas Condicións de uso da tarxeta agasallo e polo establecido na cláusula 9 precedente.

## 11. TRANSMISIÓN DO RISCO E DA PROPIEDADE

Os riscos dos produtos serán ao seu cargo a partir do momento da súa entrega.

Vostede adquirirá a propiedade dos produtos cando recibamos o pago completo de todas as cantidades debidas en relación con eles, incluídos os gastos de envío, ou ben no momento da entrega (segundo a definición contida na cláusula 9 anterior), se esta tivese lugar nun momento posterior.

## 12. PREZO E PAGO

Os prezos que se amosan nas Plataformas inclúen o IVE (cando este imposto sexa aplicable), pero exclúen os gastos de envío, que se engadirán ao importe total debido segundo se expón na nosa Guía de compra: envío.

Os prezos poden mudar en calquera momento, se ben as posibles modificacións non afectarán aos pedidos para os que xa lle envíásemos unha Confirmación do pedido. Unha vez que seleccione todos os artigos que desexe comprar, estes engadiranse á súa cesta e o paso seguinte será tramitar o pedido e efectuar o pago.

Para iso, deberá seguir os pasos do proceso de compra, enchendo ou comprobando a información que en cada paso se lle solicite. Así mesmo, durante o proceso de compra, antes de realizar o pago, poderá modificar os datos do seu pedido. Dispón dunha descripción detallada do proceso de compra na Guía de

compra. Ademais, se vostede é un usuario rexistrado, dispón do detalle de todos os pedidos feitos no apartado «A miña conta».

Poderá empregar como medio de pago as tarxetas Visa, Mastercard, American Express, Affinity Card, PayPal, Bizum, así como ApplePay e GooglePay na súa app (suxeto á dispoñibilidade e á operativa de cada entidade bancaria e a súa app). Igualmente, poderá pagar a totalidade ou unha parte do prezo da súa compra cunha tarxeta agasallo ou unha tarxeta ou ticket aboamento cuxo emisor sexa Fashion Retail, S.A.

Se vostede realiza un pedido a través dalgún dos dispositivos electrónicos dispoñibles en determinadas tendas BERSHKA de España, nalgunas delas poderá realizar tamén o pago mediante calquera dos medios de pago dispoñibles nas devanditas tendas.

Informámolo de que Fashion Retail, S.A., con domicilio social en Avenida da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo, A Coruña (España), inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 3425 do Arquivo, Sección Xeral, Folio 49, Folla C-47.731, e con NIF A-70301981, realizará en nome de BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.U. os cobros e, cando proceda, os reembolsos relacionados cos pagos efectuados a través das nosas Plataformas.

Para minimizar o risco de acceso non autorizado, os datos da súa tarxeta de crédito codifícaranse.

Ao facer clic en «Autorizar pago», vostede está a confirmar que a tarxeta de crédito é súa ou que é o lexítimo posuidor da tarxeta agasallo ou da tarxeta aboamento.

As tarxetas de crédito estarán suxeitas a comprobacións e autorizacións por parte da entidade emisora destas. No caso de que a devandita entidade non autorice o pago, non nos faremos responsables por ningún atraso ou falta de entrega, e non poderemos formalizar ningún contrato con vostede.

### **13. COMPRA COMO CONVIDADO**

A nosa páxina web tamén permite a compra a través da funcionalidade de compra como convidado. Nesta modalidade de compra, solicitaránsele únicamente os datos imprescindibles para poder tramitar o seu pedido. Unha vez finalizado o proceso de compra, ofreceránsele a posibilidade de rexistrarse como usuario ou continuar como usuario non rexistrado.

### **14. COMPRA RÁPIDA**

A función de compra rápida (en diante, «Compra rápida») facilita o proceso de compra nesta páxina web, posto que non fará falta a introdución dos datos de envío, facturación e pago en cada compra. A Compra rápida está dispoñible na sección «Cesta da compra».

Para empregar a Compra rápida, é preciso gardar de antemán os datos da súa tarxeta de crédito. Pode facelo ao realizar un pago con calquera das tarxetas aceptadas por este sitio web premendo na opción «Gardar os datos da miña tarxeta». Isto fará que se garden os seguintes datos da tarxeta: número de tarxeta, nome do titular da tarxeta como aparece na tarxeta e data de vencemento da tarxeta.

Para gardar a información da súa tarxeta e empregar a Compra rápida, deberá aceptar as Condicions e as Políticas de protección de datos aplicables.

Ao aceptar o uso da Compra rápida, permite que as compras pagadas a través desta función se carguen á tarxeta correspondente que estea asociada. En todos os casos, o uso da tarxeta rexerase polas condicións subscritas entre vostede e o emisor da súa tarxeta.

Pode gardar os datos de tantas tarxetas como deseche para a Compra rápida. Para iso, debe realizar como mínimo un pago cunha delas. Se deseche gardar os datos de máis dunha tarxeta, a tarxeta que se garde más recentemente considerarase a súa «Troxeta favorita» e será a que se empregará por defecto para pagar mediante a función de Compra rápida. No entanto, pode cambiar a súa Tarxeta favorita na sección «A miña conta» desta páxina web.

As disposicións desta cláusula non se aplicarán se compra artigos como invitado.

## 15. IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO E FACTURACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, a entrega dos artigos entenderase localizada no territorio de aplicación do IVE español se o enderezo de entrega está en territorio español, agás Canarias, Ceuta e Melilla. O tipo de IVE aplicable será o legalmente vixente en cada momento en función do artigo concreto do que se trate. Nos pedidos con destino Canarias, Ceuta e Melilla, as entregas estarán exentas de IVE pola aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 37/1992, sen prexuízo da aplicación dos impostos e aranceis correspondentes conforme á normativa vixente en cada un destes territorios.

Vostede autorízanos expresamente a emitir a factura en soporte electrónico. No entanto, poderá indicarnos en calquera momento a súa vontade de recibir unha factura en soporte papel. Nese caso, emitirémoslle e enviarémoslle a factura no antedito formato. Poderá solicitalo poñéndose en contacto co noso servizo de atención ao cliente a través de calquera dos medios que ten á súa disposición e de xeito gratuito.

## 16. POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN

### 16.1 Dereito legal a desistir da compra

Se vostede está a contratar como consumidor e usuario, ten dereito a desistir do presente contrato nun prazo de 14 días naturais sen necesidade de xustificación. O prazo de desistencia expirá aos 14 días naturais do día no que vostede ou un terceiro indicado por vostede, distinto do transportista, adquiriu a posesión material dos bens ou, no caso de que os bens que componen o seu pedido se entreguen por separado, aos 14 días naturais do día no que vostede ou un terceiro indicado por vostede, distinto do transportista, adquiriu a posesión material do último deses bens. Para exercer o dereito de desistencia, deberá notificar a BERSHKA —no endereço: Pol. Industrial INDITEX, Camino de Tordera a Palafolls S/N. Km.0.6 08490 Tordera (Barcelona), no teléfono 900 456 003, escribindonos ao correo electrónico contact\_es@bershka.com ou a través do noso formulario de contacto— a súa decisión de desistir do contrato a través dunha declaración inequívoca (por exemplo, unha carta enviada por correo postal ou electrónico). Poderá empregar o modelo de formulario de desistencia que figura como Anexo ás presentes Condicóns, aínda que o seu uso non é obligatorio. Para cumplir co prazo de desistencia, abonda con que a comunicación relativa ao exercicio pola súa banda deste dereito se envíe antes de que venza o prazo correspondente.

*Consecuencias da desistencia*

No caso dunha desistencia pola súa banda, devolverémoslle todos os pagamentos recibidos da súa parte, incluídos os gastos de entrega ata o enderezo de envío inicial (coa excepción dos gastos adicionais derivados da elección pola súa banda dunha modalidade de entrega diferente da modalidade menos custosa de entrega ordinaria que ofrezamos), sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, no prazo máximo de 14 días naturais desde a data na que nos informe da súa decisión de desistir do presente contrato.

Procederemos a efectuar o antedito reembolso a través do mesmo medio de pagamento que vostede empregou para a transacción inicial, agás se vostede nos indica o contrario e nos detalla expresamente o medio de pagamento a través do que desexa que efectuemos a devolución. Non incorrerá en ningún gasto como consecuencia do reembolso. No entanto o anterior, poderemos reter o reembolso ata recibir os bens, ou ata que vostede presente unha proba da devolución destes, segundo que condición se cumpra primeiro.

Vostede deberanos devolver ou entregar directamente os produtos en calquera das tendas Bershka de España, entregarnos os produtos nalgún dos puntos de entrega habilitados en España empregando para isto a etiqueta de devolución que enviaremos coa súa solicitud, solicitar na nosa web a devolución a través dun mensaxeiro ou Courier organizado por nós, ou enviar os produtos a Bershka, Pol. Ind. Inditex, Ctra. de Tordera a Palafolls s/n, km 0.6, 08490 Tordera (Barcelona), España, sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, como moi tarde no prazo de 14 días naturais a partir da data na que nos comunique a súa decisión de desistencia do contrato. Considerarase cumplido o prazo se efectúa a devolución dos bens antes de que conclúa o referido prazo.

Salvo que realice a devolución dos bens nunha tenda Bershka de España, vostede deberá asumir o custo directo de devolución dos bens.

Só será vostede responsable da diminución de valor dos bens que resulte dunha manipulación distinta á necesaria para establecer a natureza, as características e o funcionamento dos bens.

## 16.2 Dereito contractual de desistencia

Alén do dereito de desistencia recoñecido legalmente aos consumidores e usuarios, e que se mencionou na cláusula 16.1 precedente, concedémoslle un prazo de 30 días naturais a contar desde a Confirmación do envío dos produtos para realizar devolucóns dos artigos (agás os mencionados na cláusula 16.3 seguinte, respecto dos que se exclúe o dereito de desistencia). A devolución da tarxeta agasallo réxese polas Condicións de uso da tarxeta agasallo.

No caso de que devolva os produtos dentro do prazo contractual do dereito de desistencia, pero unha vez transcorrido o prazo legal, únicamente se lle reembolsará o prezo satisfeito por eses produtos.

Vostede farase cargo dos custos directos de devolución do produto cando non realice a devolución nunha das tendas Bershka de España.

Vostede poderá exercitar o seu dereito de desistencia de conformidade co establecido na cláusula 16.1 precedente, aínda que se nos comunica a súa intención de desistir do contrato transcorrido o prazo legal de desistencia, deberá en todo caso entregarnos os bens dentro do prazo de 30 días naturais a contar desde a Confirmación do envío dos produtos.

## 16.3 Disposicións comúns

Non terá vostede dereito a desistir do contrato cuxo obxecto sexa o fornecemento dalgún dos produtos seguintes:

- Artigos personalizados.
- CD/DVD de música sen o seu envoltorio orixinal.
- Bens precintados por razóns de hixiene aos que se lles retire o precinto trala entrega.

O seu dereito a desistir do contrato será de aplicación exclusivamente a aqueles produtos que se devolvan nas mesmas condicións nas que vostede os recibiu. Non se fará ningún reembolso se o produto se usou máis aló da súa mera apertura. Tampouco se aceptarán os produtos que non estean nas mesmas condicións nas que se entregaron ou que sufran algúun dano, polo que deberá ter coidado cos produtos mentres estean na súa posesión. Poderá realizar as devolucións en calquera tenda BERSHKA de España, nalgún dos puntos de entrega habilitados en España ou solicitar na nosa web a devolución a través dun mensaxeiro/Courier organizado por nós, conforme ao descrito a continuación.

#### *Devolucións en tendas BERSHKA*

Poderá devolver os produtos en calquera das nosas tendas BERSHKA en España. Neste caso, deberá acudir a calquera das referidas tendas e entregar o artigo xunto co tícket electrónico que recibiu achegado á Confirmación do envío, e que tamén se conserva na súa conta das Plataformas. Poderá presentar o tícket electrónico mostrándoo dixitalmente a través da pantalla do seu dispositivo móvil ou levándoo impreso á tenda. Esta opción non supoñerá un custo adicional para vostede.

#### *Devolucións a través dos puntos de entrega habilitados en España*

Vostede poderá devolver os produtos nalgún dos puntos de entrega habilitados en España. Para iso, vostede deberá solicitar a devolución mediante o método «Punto de entrega» do referido apartado e, a continuación, enviarémoslle por correo electrónico unha etiqueta de devolución que deberá pegar no mesmo paquete e deixalo no punto de entrega seleccionado. Deberá seguir as instrucións do apartado «Pedidos e devolucións» da sección «A miña conta» da páxina web, «As miñas devolucións» da App ou do propio correo electrónico. Se vostede realizou unha compra como convidado, poderá solicitar a devolución dos produtos nalgún dos puntos de entrega habilitados en España e, para iso, deberá empregar a ligazón que se lle enviou xunto coa Confirmación do pedido.

Após efectuar as verificacións oportunas, vostede recibirá un correo electrónico cunha etiqueta que deberá pegar no paquete e devolvélo en calquera dos referidos puntos habilitados. Sempre que vostede entregue os bens no punto de entrega seleccionado nun prazo máximo de 14 días naturais desde a Confirmación do envío, nós asumiremos o custo do primeiro envío dentro dun mesmo pedido. Para cada envío posterior (por exemplo, no caso dunha posterior desistencia doutros artigos do mesmo pedido) dentro do mesmo pedido, vostede deberá soportar o custo directo da devolución, que se deducirá do total que hai que reembolsar pola devolución.

#### *Devolucións a través dun mensaxeiro ou Courier organizado por nós*

Debe poñerse en contacto connosco a través da nosa solicitude de devolución para que poidamos organizar a recollida no seu domicilio. Se xa non dispón da embalaxe orixinal, poderá realizar a devolución nunha embalaxe calquera, sempre e cando garanta que non se extravían os artigos, seguindo as instrucións que atopará no apartado «DEVOLUCIÓNs» nesta páxina web. Se vostede realizou unha compra como convidado, poderá solicitar a devolución dos produtos por vía postal, empregando a ligazón que se lle enviou xunto coa Confirmación do pedido. Após efectuar as verificacións oportunas, vostede recibirá un correo electrónico cunha etiqueta que deberá pegar no paquete. Vostede deberá

asumir o custo directo desta modalidade, cuxa contía se descontará directamente do importe da devolución.

No caso de que non deseñe devolver os produtos a través dunha das opcións dispoñibles nas Plataformas, vostede será responsable dos custos da devolución. Se decide organizar o envío polos seus propios medios, lembre que deberá entregar, xunto cos produtos, unha copia impresa do ticket electrónico que recibiu achegado á Confirmación do envío. Teña en conta que se vostede decide devolvernos os artigos a portes debidos, estaremos autorizados a cargarlle os gastos nos que poidamos incorrer.

Tras examinar o artigo, comunicáremoslle se ten dereito ao reembolso das cantidades aboadas. O reembolso dos gastos de transporte do envío únicamente se realizará cando o dereito de desistencia se exercite dentro do prazo legal e se devolvan todos os artigos que componen o pedido en cuestión. O reembolso efectuarase canto antes e, en calquera caso, dentro do prazo de 14 días desde a data na que vostede nos comunicou a súa intención de desistir. No entanto, poderemos reter o reembolso ata recibir os bens, ou ata que vostede presente unha proba da devolución dos bens, segundo que condición se cumpra primeiro. O reembolso efectuarase sempre a través do mesmo medio de pago que utilizou para pagar a compra, agás cando presente, para a devolución, un ticket agasallo. Neste último caso, o reembolso efectuarase mediante unha tarxeta ou ticket aboamento.

Vostede asumirá o custo e o risco de nos devolver os produtos, tal e como se indicou anteriormente. Se ten algunha dúbida, pode poñerse en contacto connosco a través do noso formulario de contacto ou chamando ao teléfono 900 456 003.

#### 16.4 Devolucíóns en Canarias, Ceuta e Melilla

Se desea cambiar ou devolver un producto entregado en Canarias, Ceuta ou Melilla, poderá facelo acudindo en persoas a calquera tenda Bershka en Canarias ou en España, respectivamente, de conformidade co mencionado na presente cláusula. Se non fose posible proceder así, deberá poñerse en contacto connosco no número de teléfono 900 456 003 para convir connosco a devolución do producto empregando calquera dos métodos dispoñibles.

#### 16.5 Devolucíóns de produtos defectuosos

Naqueles casos nos que vostede considere que, no momento da entrega, o producto non se axusta ao estipulado no contrato, deberá poñerse en contacto connosco de xeito inmediato a través do noso formulario de contacto e facilitar os datos do producto, así como o dano que sofre. Tamén pode chamar por teléfono ao número 900 456 003, onde lle indicaremos como debe de proceder. Poderá devolver o producto en calquera das nosas tendas Bershka en España, nalgún dos puntos de entrega habilitados en España, a través dun mensaxeiro/Courier organizado por nós ou enviándoo ao endereço indicado anteriormente. Procederemos a examinar detidamente o producto devolto e comunicáremoslle por correo electrónico dentro dun prazo razonable se procede o reembolso ou a substitución do artigo (no seu caso). O reembolso ou a substitución do artigo efectuarase canto antes e, en calquera caso, dentro dos 14 días seguintes á data na que lle enviamos un correo electrónico confirmando que procede o reembolso ou a substitución do artigo non conforme.

As cantidades satisfeitas por aqueles produtos que sexan devoltos por mor dalgunha tara ou defecto, cando realmente exista, seránlle reembolsadas integralmente, incluídos os gastos de entrega incorridos para lle entregar o artigo e os custos nos que vostede incorreu para nolo devolver a nós. A devolución

efectuarase a través do mesmo medio de pago que se empregou para pagar a compra. Quedan a salvo, en calquera caso, os dereitos recoñecidos pola lexislación vixente.

#### 16.6 Dereito de desistencia e devolución de pedidos desde o estranxeiro

Se vostede realizou un pedido a través das Plataformas desde un Estado membro da Unión Europea distinto de España, as cláusulas 16.1, 16.2, 16.3 e 16.4 anteriores serán de aplicación coa restrición de que a devolución a través dun mensaxeiro/courier organizado por nós só se poderá realizar desde o enderezo de entrega orixinal en España.

Así mesmo, informámolo de que baixo ningunha circunstancia (coa excepción do previsto na cláusula 16.5 á que a presente cláusula 16.6 non resulta de aplicación) estaremos obrigados a reembolsarlle gastos de envío distintos dos incorridos ata o enderezo de entrega orixinal en España nin os gastos de devolución desde un destino fóra do territorio español.

### 17. GARANTÍAS

Se vostede contrata como consumidor e usuario, ten dereito a medidas correctoras, de xeito gratuíto, en caso de falta de conformidade dos bens. Ofrecémoslle garantías sobre os produtos comercializados a través das Plataformas nos termos legalmente establecidos para cada tipo de produto. Polo tanto, responderemos pola falta de conformidade dos produtos que se manifieste nun prazo de tres anos desde a entrega destes.

Enténdese que os produtos son conformes co contrato sempre que (i) se axusten á descripción realizada por nós e posúan as calidades que presentemos nas Plataformas; (ii) sexan aptos para os usos aos que normalmente se destinan os produtos do mesmo tipo; e (iii) presenten a calidade e as prestacións habituais dun producto do mesmo tipo que sexan fundadamente esperables.

Neste sentido, se algún dos produtos non fose conforme co contrato, vostede deberá poñelo no noso coñecemento seguindo o procedemento detallado no apartado 16.5 anterior e a través de calquera dos medios de comunicación previstos para este efecto.

Os artigos que vendemos, especialmente os produtos de artesanía, a miúdo poden presentar as características dos materiais naturais que se empregan na súa fabricación. Estas características, tales como a variación nas vetas, na textura, nos nós e na cor, non terán a consideración de defectos ou taras. Ao contrario, debería contarse coa súa presenza e apreciala. Unicamente seleccionamos os produtos da máxima calidade, pero as características naturais son inevitables e deben ser aceptadas como parte da apariencia individual do producto.

A nosa garantía comercial non afectará aos dereitos que lle recoñece a lexislación vixente.

### 18. RESPONSABILIDADE E EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

Agás disposición expresa en contrario nas presentes Condicóns, a nosa responsabilidade en relación con calquera producto adquirido nas nosas Plataformas estará limitada estritamente ao prezo de compra do referido producto.

No entanto, e salvo disposición legal en sentido contrario, non aceptaremos ningunha responsabilidade polas seguintes perdas, con independencia da súa orixe:

- perdas de ingresos ou vendas;
- perdas de negocio;
- perdas de contratos;
- perdas de aforros previstos;
- perda de datos, e
- perda de tempo de xestión ou de horario de oficina.

Debido á natureza aberta das Plataformas e á posibilidade de que se produzan erros no almacenamento e na transmisión da información dixital, non garantimos a precisión e a seguridade da información transmitida ou obtida por medio das Plataformas, a non ser que nelas se estableza expresamente o contrario.

Co alcance que permita a lei, excluímos todas as garantías, agás aquelas que non poidan ser lexitimamente excluídas fronte aos consumidores e usuarios.

## **19. PROPIEDADE INDUSTRIAL E INTELECTUAL**

Vostede recoñece e consente que calquera copyright, marca rexistrada e demais dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre os materiais ou os contidos que se achegan como parte das Plataformas nos pertencen en todo momento a nós ou a quen nos outorgou a licenza para o seu uso. Vostede poderá empregar este material unicamente do xeito no que llo autoricemos expresamente nós ou quen nos outorgou a licenza para o seu uso. Isto non lle impedirá utilizar estas Plataformas na medida necesaria para copiar a información sobre o seu pedido ou os datos de contacto.

Queda prohibida a reproducción total ou parcial, a copia ou a distribución do contido sen a nosa autorización expresa. En ningún caso se entenderá que o acceso e a navegación do usuario implica unha renuncia, transmisión, licenza ou cesión total nin parcial dos devanditos dereitos pola nosa parte. Así mesmo, está prohibido modificar, copiar, reutilizar, explotar, reproducir, comunicar publicamente, transmitir, usar, tratar ou distribuir de calquera xeito a totalidade ou unha parte dos contidos e os elementos da páxina web para propósitos públicos ou comerciais se non se dispón da nosa autorización expresa e por escrito.

## **20. VIRUS, PIRATARÍA E OUTROS ATAQUES INFORMÁTICOS**

Vostede non debe realizar un uso indebido das Plataformas mediante a introdución intencionada nelas de virus, troianos, vermes, bombas lóxicas ou calquera outro programa ou material tecnoloxicamente prexudicial ou daniño. Vostede non tratará de ter acceso non autorizado ás Plataformas, ao servidor no que as devanditas Plataformas están aloxadas ou a calquera servidor, ordenador ou base de datos que teña relación coas nosas Plataformas. Vostede comprométese a non atacar as Plataformas a través dun ataque de denegación de servizo ou dun ataque de denegación de servizo distribuído. O incumprimento desta cláusula podería levar consigo a comisión de infraccións tipificadas pola normativa aplicable. Informaremos de calquera incumprimento desta normativa ás autoridades competentes e cooperaremos con elas para descubrir a identidade do atacante. Así mesmo, no caso de incumprimento da presente cláusula, deixará inmediatamente de estar autorizado a usar as Plataformas. Non seremos responsables de calquera dano ou perda que resulte dun ataque de denegación de servizo, virus ou calquera outro programa ou material tecnoloxicamente prexudicial ou daniño que poida afectar ao seu ordenador, equipo informático, datos ou materiais como consecuencia do uso destas Plataformas ou da descarga de contidos delas ou aos que estas o remitan.

## **21. LIGAZÓNS DESDE AS NOSAS PLATAFORMAS**

No caso de que as Plataformas conteñan ligazóns a outras páxinas web e materiais de terceiros, estas ligazóns únicamente se facilitan a efectos informativos, sen que nós teñamos control ningún sobre o contenido desas páxinas web ou deses materiais. Polo tanto, non aceptamos responsabilidade ningunha por calquera dano ou perda derivados do seu uso.

## 22. COMUNICACIÓNES POR ESCRITO

A normativa aplicable esixe que unha parte da información ou das comunicacións que lle envíemos sexan por escrito. Mediante o uso das Plataformas, vostede acepta que a maior parte das referidas comunicacións connosco sexan electrónicas. Poñerémonos en contacto con vostede por correo electrónico ou facilitarémoslle información colgando avisos nas Plataformas. Aos efectos contractuais, vostede consente usar este medio electrónico de comunicación e recoñece que calquera contrato, notificación, información e demás comunicacións que lle envíemos de xeito electrónico cumpre os requisitos legais de seren por escrito. Esta condición non afectará aos seus dereitos recoñecidos pola lei.

## 23. NOTIFICACIÓNES

As notificacións que vostede nos envíe deberán enviarse preferiblemente a través do noso formulario de contacto. De conformidade co dispuesto na cláusula 22 anterior e, agás estipulación en contrario, poderémoslle enviar comunicacións ben ao correo electrónico, ben ao enderezo postal facilitado por vostede no momento de realizar un pedido. Entenderase que as notificacións foron recibidas e feitas correctamente no mesmo intre no que se colguen nas nosas Plataformas, 24 horas despois do envío dun correo electrónico ou tres días despois da data de franqueo de calquera carta. Para demostrar que a notificación foi feita, será suficiente con probar, no caso dunha carta, que tiña o enderezo correcto, estaba correctamente selada e que foi debidamente entregada en Correos ou nunha caixa de correo e, no caso dun correo electrónico, que este se enviou ao enderezo de correo electrónico especificado polo destinatario.

## 24. CESIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS

O contrato é vinculante tanto para vostede como para nós, así como para os nosos respectivos sucesores, cessionarios e habentes causa. Vostede non poderá transmitir, ceder, gravar ou transferir de calquera outro xeito un contrato, ou algún dos dereitos ou das obrigas que del se deriven, sen obter o noso consentimento previo por escrito. Nós poderemos transmitir, ceder, gravar, subcontratar ou transferir de calquera outro xeito un contrato, ou algún dos dereitos ou obrigas que del se deriven, en calquera momento durante a súa vixencia. Para evitar calquera dúbida, estas transmisións, cesións, gravames ou outras transferencias non afectarán aos dereitos que, no seu caso, vostede, como consumidor, ten recoñecidos por lei, nin anularán, reducirán ou limitarán de calquera outro xeito as garantías, tanto expresas como tácitas, que lle puidemos outorgar.

## 25. ACONTECIMENTOS FÓRA DO NOSO CONTROL

Non seremos responsables por ningún incumprimento ou atraso no cumprimento dalgunha das obrigas asumidas cando o devandito incumprimento se deba a acontecementos que están fóra do noso control razonable (en diante, «Causa de forza maior»). As Causas de forza maior incluirán calquera acto, acontecemento, falta de exercicio, omisión ou accidente que estea fóra do noso control razonable e, entre outros, os seguintes:

- Folgas, peches patronais ou outras medidas reivindicativas.

- Conmoción civil, revolta, invasión, ataque terrorista ou ameaza terrorista, guerra (declarada ou non), ou ameaza ou preparativos de guerra.
- Incendio, explosión, tormenta, inundación, terremoto, afundimento, epidemia ou calquera outro desastre natural.
- Imposibilidade de uso de trens, barcos, avións, transportes de motor ou outros medios de transporte, públicos ou privados.
- Imposibilidade de uso de sistemas públicos ou privados de telecomunicacións.
- Actos, decretos, lexislación, normativa ou restricións de calquera goberno ou autoridade pública.
- Folga, fallos ou accidentes de transporte marítimo ou fluvial, postal ou calquera outro tipo de transporte.

Entenderase que as obrigas quedarán suspendidas durante o período no que a Causa de forza maior continúe e dispoñeremos dunha ampliación no prazo para cumplir as referidas obrigas por un período de tempo igual ao que dure a Causa de forza maior. Poñeremos todos os medios razonables para que finalice a Causa de forza maior ou para atopar unha solución que nos permita cumplir coas nosas obrigas malia a Causa de forza maior.

## **26. RENUNCIA**

A falta de requirimiento pola nosa banda do cumprimento estrito pola súa parte dalgunha das obrigas asumidas por vostede en virtude dun contrato ou das presentes Condicións, ou a falta de exercicio pola nosa parte dos dereitos ou das accións que nos puidesen corresponder en virtude do antedito contrato ou das Condicións, non supoñerá renuncia nin limitación algúns en relación cos referidos dereitos ou accións, nin o exonerará a vostede de cumplir con tales obrigas. Ningunha renuncia pola nosa banda a un dereito ou acción en concreto supoñerá unha renuncia a outros dereitos ou accións derivados dun contrato ou das Condicións. Ningunha renuncia pola nosa banda a algunha das presentes Condicións ou aos dereitos ou accións derivados dun contrato producirá efecto, a non ser que se estableza expresamente que é unha renuncia e se formalice e se lle comunique a vostede por escrito de conformidade co disposto no apartado de Notificacións anterior.

## **27. NULIDADE PARCIAL**

Se algunha das presentes Condicións ou algunha disposición dun contrato fosen declaradas nulas e sen efecto por resolución firme pronunciada por unha autoridade competente, as restantes condicións permanecerán en vigor, sen que queden afectadas pola devandita declaración de nulidade.

## **28. ACORDO COMPLETO**

As presentes Condicións e calquera documento ao que se faga referencia expresa nelas constitúen o acordo íntegro existente entre vostede e nós en relación con este obxecto e substitúen a calquera outro pacto, acordo ou promesa anterior convidado entre vostede e nós verbalmente ou por escrito. Vostede e nós recoñecemos consentir a sinatura dun contrato sen confiar en ningunha declaración ou promesa feita pola outra parte, ou que puidese inferirse de calquera declaración ou escrito nas negociacións establecidas polos dous antes da sinatura, agás aquilo que figura expresamente mencionado nas presentes Condicións. Nin vostede nin nós disporemos de acción ningunha fronte a calquera declaración incerta realizada pola outra parte, verbal ou escrita, con anterioridade á data dun contrato (salvo que a devandita declaración incerta se fixese de xeito fraudulento) e a única acción da que disporá a outra parte será por incumprimento de contrato de conformidade co disposto nas presentes Condicións.

## **29. O NOSO DEREITO A MODIFICAR ESTAS CONDICIÓNSEN**

Reservámamonos a facultade de modificar os Termos e condicións. Estes non terán carácter retroactivo.

Se non está de acordo coas modificaciós introducidas, recomendámosalle non fazer uso das nosas Plataformas.

### **30. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN**

O uso das nosas Plataformas e dos contratos de compra de produtos a través delas rexeranse pola lexislación española. Calquera controversia que xurda ou garde relación co uso das Plataformas, ou cos devanditos contratos, someterase á xurisdición non exclusiva dos xulgados e tribunais españois. Se vostede está a contratar como consumidor, nada da presente cláusula afectará aos dereitos que como tal lle recoñece a lexislación vixente.

### **31.COMENTARIOS, SUXESTIÓNS, QUEIXAS E RECLAMACIÓNS**

Os seus comentarios e suxestións serán ben recibidos. Pregámosalle que nos envíe esos comentarios e esas suxestións, así como calquera consulta, queixa ou reclamación, a través do noso formulario de contacto, do número de teléfono ou do enderezo postal ou de correo electrónico indicados na cláusula 2 das presentes Condicións. Ademais, temos follas oficiais de reclamación á disposición dos consumidores e usuarios.

Pode solicitalas chamando ao teléfono 900 456 003 ou a través do noso formulario de contacto. As súas queixas e reclamacións ante o noso Servizo de Atención ao Cliente serán atendidas no prazo máis breve posible e, en todo caso, no prazo máximo dun mes. Así mesmo, quedarán rexistradas cunha clave de identificación que poñeremos no seu coñecemento e que lle permitirá facer o seu seguimento.

Se vostede como consumidor considera que os seus dereitos foron vulnerados, pode dirixirnos as súas queixas a través do enderezo de correo electrónico [contact\\_es@bershka.com](mailto:contact_es@bershka.com) co fin de solicitar unha solución extraxudicial de controversias.

Última actualización: 30/04/2025

**ANEXO**  
**Formulario de desistencia**

Complete e envíe este formulario se desexa desistir do contrato celebrado con BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.U., que opera baixo o nome comercial de BERSHKA, no seguinte enderezo: Avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143 Arteixo (A Coruña), ou por correo electrónico a: [contact\\_es@bershka.com](mailto:contact_es@bershka.com).

Mediante este formulario, infórmovos de que desisto do contrato de venda cos seguintes datos (os campos obligatorios márcanse cun asterisco):

Pedido en / recibido o (\*):

Nome do consumidor:

Endereço do consumidor:

Sinatura do consumidor (só se este formulario se notifica en papel):

Data:

(\*) Eliminar segundo corresponda

## TERMOS E CONDICIÓNNS DA APP BERSHKA E DAS FUNCIONALIDADES

Os presentes termos e condicións (en diante, as «Condicións») rexen, con carácter específico e adicional ás Condicións de uso e compra de [www.bershka.com](http://www.bershka.com), o acceso e o uso dos servizos dispoñibles na App da marca BERSHKA (en diante, a «App»), así como das diferentes funcionalidades, accesibles todas elas por medio da App e, algunhas delas, de xeito independente a través doutras plataformas (en diante, as «Funcionalidades»).

As Funcionalidades inclúen: (i) a posibilidade de adquirir produtos a través da App, o que terá a consideración dunha compra en Tenda online e, polo tanto, rexerase polas Condicións de uso e compra de [www.bershka.com](http://www.bershka.com); (ii) a posibilidade de xestionar pagamentos nas compras (en diante, «Wallet») que se realicen nas tendas físicas de BERSHKA (en diante, e segundo cal sexa a referencia que corresponda, a «Tenda física» ou as «Tendas físicas»); (iii) a xestión dos títulos das compras realizadas nas tendas online de BERSHKA (en diante, a «Tenda online») e, cando así se solicite, dos tickets de compras realizadas nas Tendas físicas, sendo ambas as dúas operadas en España pola sociedade BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.U., con domicilio en Avenida da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo (A Coruña), e con NIF A-78276854 (en diante, a «Sociedade»); (iv) a posibilidade de obter o ticket electrónico ou o xustificante de compra electrónico (en diante, o «Ticket electrónico») se previamente se selecciona a opción «Ticket electrónico» na App e se amosa nas Tendas físicas de BERSHKA o QR identificativo (en diante, o «QR ID»); (v) así como a posibilidade de empregar o Camera Kit dispoñible na App mediante o que o usuario poderá simular o uso de produtos dispoñibles xunto con aderezos virtuais (en diante, «Camera Kit») nos termos que se describirán máis adiante.

Para cada transacción, poderase optar por recibir o Ticket electrónico no canto do ticket en formato papel.

### 1. DESCRICIÓN XERAL DAS FUNCIONALIDADES

#### 1.1. Adquisición de produtos en [www.bershka.com](http://www.bershka.com) a través da App

A App permite aos clientes adquiriren produtos a través dela en [www.bershka.com](http://www.bershka.com) e, polo tanto, isto ten a consideración de compra na Tenda online suxeita ás Condicións de uso e compra de [www.bershka.com](http://www.bershka.com), que vostede deberá aceptar no momento da compra.

#### 1.2. Funcionalidade Wallet

Mediante o uso da funcionalidade Wallet, poderá:

i. **Acceder aos títulos electrónicos** relativos ás súas compras en Tendas físicas naqueles casos nos que inicie o pagamento con Wallet ou nos que os solicite ou os xere conforme ao que se indica nos apartados 1.4 e 1.5. Así mesmo, poderá acceder aos tickets electrónicos da Tenda online.

ii. **Xestionar tarxetas de pagamento e tarxetas agasallo:** permite engadir as tarxetas que se empregarán para realizar o pagamento que se inicie empregando Wallet en Tendas físicas. No caso de que xa existan tarxetas gardadas mediante a opción de compra rápida da venda online, estas estarán dispoñibles de xeito automático para facilitar a súa activación como tarxeta para o pagamento con Wallet.

Ao incluír os datos dunha tarxeta nova, vostede autorízanos a comprobar a validez das súas tarxetas e tarxetas agasallo cujos datos desexe almacenar, o que inclúe a posibilidade de que para isto se realice un cargo na súa tarxeta a través do sistema de seguridade de micropagamento.

Nese caso, o importe do devandito micropagamento reembolsaráselle no prazo máximo dun mes desde a data da realización deste. Alén de xestionar as propias tarxetas, en función dos mecanismos de seguridade activados no dispositivo no que se executa a App, Wallet poderalle solicitar a xeración dun contrasinal asociado a elas.

**iii. Iniciar pagamentos mediante Wallet:** para xestionar o pagamento con Wallet nas Tendas físicas activadas ao efecto, deberá seguir as instrucións que lle facilite o persoal da tenda correspondente.

En calquera caso, teña en conta que para iniciar o pagamento a través de Wallet, vostede deberá presentar o código QR xerado pola App para a súa comprobación por parte do persoal mediante unha lectura con axuda dos medios técnicos dispoñibles na zona de caixa da Tenda física.

En función dos mecanismos de seguridade activados no dispositivo no que se executa a App, Wallet poderalle solicitar a introdución do contrasinal Wallet para poder xerar o código QR que permite xestionar o pagamento.

A entrega dos artigos realizañase no momento no que vostede autoriza o inicio do pagamento da compra destes mediante a presentación ao persoal da tenda do QR ID e a lectura deste código con axuda dos medios técnicos dispoñibles na zona de caixa da Tenda física.

A compra cuxo pagamento inicie vostede a través de Wallet rexerase en calquera caso polas condicións de compra da Tenda física correspondente. Por iso, as reclamacións relacionadas co contrato entre vostede e a Tenda física correspondente deberá dirixilas a BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.U. a través do teléfono 900 456 003 ou, de resultar de aplicación no caso concreto, por exemplo, por se realizaren en tendas físicas localizadas en países distintos de España, ante a sociedade que segundo o caso corresponda. Wallet é un servizo gratuito.

Porén, o emisor da súa tarxeta podería cobrar comisións polos pagamentos realizados con ela. Consulte os termos do contrato co emisor da súa tarxeta para obter máis información. Así mesmo, o seu operador de servizos de telecomunicacións podería cobrar polo uso da rede de telecomunicacións a través da que vostede accede a Wallet.

Consulte os termos do contrato co seu provedor de rede para obter máis información. Unicamente poderá empregar Wallet para iniciar pagamentos nos establecementos indicados. O uso de Wallet para outras finalidades está estritamente prohibido.

Reservámonos, por tanto, o dereito a eliminarlo como usuario e, a tal efecto, cancelar a súa conta e esixir as responsabilidades pertinentes ao usuario que realice un uso indebido ou fraudulento del ou que incumpra as normas e os procedementos que se inclúen nas presentes Condicóns de Wallet ou outros textos legais aplicables a Wallet, á App ou ao Servizo.

### **1.3. Identificación persoal como usuario de BERSHKA amosando o QR ID**

O QR ID será válido para identificar o cliente dentro da Tenda física e, deste xeito, simplificar o procedemento e mellorar a experiencia de compra. No tocante ao usuario, o QR ID permitiralle participar en promocións e obter outras vantaxes, áinda que sempre de conformidade cos termos correspondentes que sexan aplicables en cada caso.

### **1.4. Obtención do Tícket electrónico por compras en Tendas físicas**

Se vostede é un usuario rexistrado, pero non desexa rexistrar ningunha tarxeta de pagamento (propia da funcionalidade Wallet), na App apareceralle automaticamente un código QR exclusivo e identificativo, ao que neste documento se fai referencia como QR ID. Este QR ID, que tamén resulta accesible a través doutras plataformas e non exclusivamente por medio da App, poderase empregar, entre outras Funcionalidades, para solicitar e recibir tanto o Tícket electrónico como xustificantes de pagamento electrónicos na App. Para usar esta funcionalidade, deberá activar a opción «Tícket electrónico» na App e amosar o QR ID para que o Tícket se envíe automaticamente á App.

A partir dese momento, vostede poderá facer cambios ou devolucóns nas Tendas físicas empregando ese Tícket, sempre no cumprimento dos termos e condicións que sexan de aplicación en cada momento, segundo a política comercial de Bershka e, en calquera caso, de conformidade coa legalidade vixente.

Neste caso, non se lle entregará ningún ticket en papel. Así, é esencial que entenda que, ao empregar este QR ID coa activación da opción correspondente, vostede solicita expresamente a emisión do Tícket electrónico ou o xustificante de compra en formato dixital, de tal xeito que renuncia a recibilo en papel. En calquera caso, poderá solicitar o ticket en papel sempre que queira.

Con todo, terá sempre unha aplicación preferente a normativa reguladora sobre tickets electrónicos ou calquera outra normativa que sexa aplicable e pola que se rexerán estas Condicións.

Se decide darse de baixa como usuario, ten á súa disposición a opción de solicitar, durante o proceso de tramitación da devandita baixa, que se lle remitan todos os tickets almacenados na App ao correo electrónico que nos indique para esta finalidade.

## 1.5. Escaneamento de tickets

Partindo dun ticket en papel, pódese xerar unha copia dixital del escaneando un código QR que se atopa impreso no propio ticket. A partir dese momento, vostede poderá facer devolucóns nas Tendas físicas empregando ese ticket, sempre no cumprimento dos termos e condicións que sexan de aplicación en cada momento, segundo a política comercial de Bershka e, en calquera caso, de conformidade coa legalidade vixente.

## 1.6. Camera Kit:

A funcionalidade Camera Kit disponible na App é unha tecnoloxía que proporciona SnapChat e que permite aos usuarios simularen o uso de produtos xunto con aderezos virtuais a través da súa cámara, coa posibilidade de realizaren fotografías ou vídeos destes. As fotografías ou os vídeos únicamente poderán almacenarse na galería do dispositivo do usuario ou compartirse directamente por iniciativa do usuario nas redes sociais que teña conectadas e estean dispoñibles para a devandita funcionalidade.

Bershka non garante que o resultado obtido se axuste de ningún xeito ás necesidades dos usuarios, nin tampouco a ningún propósito ou fin buscado. Igualmente, tampouco garante a calidade do resultado nin ningún tipo de exclusividade en relación cos aderezos virtuais.

Como usuario, garántenos que: (i) é o titular de todos os dereitos patrimoniais e morais sobre a fotografía ou o vídeo, coa exoneración de Bershka de calquera tipo de responsabilidade legal relacionada coa autoría e a propiedade intelectual do devandito contido, e que (ii) a antedita fotografía (a) non infrinxirá os dereitos (incluídos, a título de exemplo, os dereitos de propiedade intelectual, de propiedade industrial, o dereito á propria imaxe ou á intimidade persoal, ou outros dereitos calquera) ou intereses de terceiros, nin ningún estándar ou normativa aplicable (internacional, española ou calquera outra) e (b) non reproducirá

a imaxe de persoas distintas a vostede, nin incluirá ningún elemento que poida considerarse ofensivo ou discriminatorio (xa sexa por motivos de raza, relixión, xénero, orientación sexual, afiliación política ou sindical), ilegal, ameazante, calumnioso, difamatorio, obsceno, pornográfico ou indecente, ou de calquera outro xeito inadecuado.

## 2. DISPOÑIBILIDADE DOS SERVIZOS DA APP E DAS FUNCIONALIDADES

Sempre no respecto da lexislación aplicable, reservámmonos o dereito de modificar, suspender ou eliminar, en calquera momento, á nosa enteira discreción e sen previo aviso, xa sexa con carácter xeral ou en particular para un ou máis usuarios, a dispoñibilidade/accesibilidade da App ou de calquera ou a totalidade das Funcionalidades, así como de modificar, suspender ou eliminar, nos mesmos termos, a dispoñibilidade da App ou da totalidade ou dunha parte das Funcionalidades.

## 3. RESPONSABILIDADE

Agás naqueles supostos nos que legalmente se limite a exclusión de responsabilidade, non seremos nunca responsables dos danos que poidan derivarse para vostede do uso da App ou das distintas Funcionalidades.

Vostede comprométese a empregar a App ou as Funcionalidades únicamente para as finalidades para as que se concibiron e, polo tanto, a non realizar un uso indebido ou fraudulento, sendo responsable perante a Sociedade ou calquera terceiro dos danos que se poidan derivar dun uso indebido da App ou das Funcionalidades.

Vostede será responsable nos supostos seguintes:

- Cando, segundo proceda, o seu equipo ou os seus terminais asociados á App, as súas tarxetas SIM, os seus enderezos de correo electrónico ou calquera dos seus contrasinais se empreguen por un terceiro autorizado por vostede sen o noso coñecemento.
- Cando se produzan errores ou fallos no uso da App ou das Funcionalidades pola súa parte como consecuencia dun funcionamento defectuoso de calquera hardware, software, dispositivo ou terminal seu, ou por non ter implantados os mecanismos de seguridade necesarios no dispositivo no que se execute a App ou as Funcionalidades.

## 4. DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL, INDUSTRIAL E OUTROS DEREITOS DA APP E DAS FUNCIONALIDADES

Calquera dos elementos que formen parte da App, de Wallet ou doutras Funcionalidades, ou que estean incluídos neles, son propiedade ou atópanse baixo o control da Sociedade ou de terceiros que autorizaron o seu uso. Todo o anterior denominarase en diante, no seu conxunto, como a «Propiedade».

O usuario comprométese a non retirar, suprimir, alterar, manipular nin modificar en modo algúin:

- Aquelas notas, lendas, indicacións ou símbolos que ben a Sociedade ou ben os lexítimos titulares dos dereitos incorporen ás súas Propiedades en materia de propiedade intelectual ou industrial (como, por exemplo, copyright, ©, ®, ™, etc.).
- Os dispositivos técnicos de protección ou identificación que poida conter a Propiedad (como, por exemplo, marcas de auga, impresións dixitais, etc.). O usuario recoñece que, en virtude das

presentes Condicións, a Sociedade non cede nin transfire ao usuario ningún dereito sobre a súa Propiedade ou sobre ningunha propiedade de terceiros.

A Sociedade só autoriza ao usuario o acceso e o uso destes de conformidade cos termos que se indican nas presentes Condicións.

Os usuarios non están autorizados a copiar, distribuír (incluíndo correos electrónicos e Internet), transmitir, comunicar, modificar, alterar, transformar, ceder ou, de calquera outro xeito, despregar actividades que comporten o uso comercial da Propiedade, xa sexa con carácter parcial ou total, sen que conste o consentimento expreso, outorgado por escrito, do lexítimo titular dos dereitos de explotación.

O acceso e o uso da Propiedade realizarase sempre e en calquera caso con finalidades estritamente persoais e non comerciais.

A Sociedade reserva para si todos os dereitos sobre a Propiedade que lle correspondan, incluíndo, entre outros, todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que teña sobre eles.

A Sociedade non outorga ningunha outra licenza ou autorización de uso ao usuario sobre a súa Propiedade distinta da que se detalla expresamente na presente cláusula. A Sociedade reserva para si o derecho de resolver ou modificar, en calquera momento e por calquera causa, as licenzas outorgadas en virtude das presentes Condicións.

Sen prexuízo do anterior, a Sociedade poderá emprender accións legais contra calquera uso por parte do usuario que:

- Non sexa conforme cos termos e condicións que aquí se inclúen.
- Infrinxha ou vulnere os dereitos de propiedade intelectual e industrial, ou outros dereitos semellantes, da Sociedade ou de calquera outro terceiro lexítimo titular, ou infrinxha calquera normativa que sexa de aplicación.

Última actualización: 30/04/2025